

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020»
Data	30 de setembro de 2021
Duración	Desde as 9:33 ata as 11:50 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel Gonzalez Gonzalez	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	NON
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1048/2021. Aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Bos días a todos, concelleiros, concelleiras e tamén á veciñanza que nos está vendo a través das pantallas. A

rrancamos este pleno extraordinario coa proposta de aprobación da Conta Xeral do exercicio 2020 e que como sempre digo, a Conta Xeral é un documento técnico, un documento sobre o que non podemos traballar, non aportamos nada nin se poden facer modificacións. Si o orzamento era unha previsión de gastos e ingresos, a conta xeral é o resume de como se executou ese orzamento, precisamente será por iso polo que ten un procedemento diferente e tamén un pouquiño máis largo que o resto de expedientes. Primeiro pasa a Comisión Informativa, despois se publica no boletín e finalmente se trae a pleno, ao revés que outros expedientes que se publican a despois de traer a pleno. No noso caso se ditaminou en Comisión o 13 de agosto despois de estar a documentación por un pouquiño máis dos quince días esixidos a información a disposición dos concelleiros e concelleiras, se publicou no boletín o 26 de agosto e tamén o 1 de setembro, houbo un fallo de comunicación co persoal do Boletín e se enviou a documentación dobremente e se publicou dúas veces. Hoxe, 30 de setembro se trae proposta a aprobación plenaria, en prazo.

A conta como sabedes é un expediente moi extenso, nel podemos atopar informes das regras fiscais: o cumprimento da regra de gasto, estabilidade orzamentaria, informes de reparo de todo o exercicio, liquidación de gastos, liquidación de ingresos, acta de arqueo, a propia conta, os apuntes todos que houbo na contabilidade, o informe da Conta... Como digo son moitos documentos e moi extensos polo que tamén quixera felicitar e agradecer aos departamentos de intervención e de tesourería o traballo de recopilación e de información que o expediente esixe e que un ano máis poidamos presentar a Conta Xeral en prazo. Ade máis a aprobación desta conta é un trámite obrigatorio, exclúinte para solicitude de moitas das



subvencións que convoca a Xunta de Galicia, polo que estamos dando cumprimento a esta obrigaón.

Pasamos a analizar os datos que podemos extraer da lectura deste expediente. Polo que respecta as regras fiscais hai que lembrar que este ano estes parámetros serán solo a nivel informativo porque están suspendidos para os anos 2020 e 2021 por acordo do Consello de Ministros debido a crise sanitaria e económica derivada da Covid e agora prorrogado tamén para o exercicio 2022. Esta é unha decisión da que nos alegamos enormemente, que como xa o dixeran no seu día non polo contexto no que se tomou senón porque creemos que son unhas medidas sumamente inxustas para os Concellos, non nos permiten dispoñer e xestionar os nosos recursos segundo as nosas necesidades e estas medidas o que fan é exercer presión fiscal e económica sobre o esclavón máis baixo da cadea, sobre os Concellos que en definitiva somos a administración máis próxima á veciñanza e á que por imposición unhas veces e outras por vontade acabamos asumindo competencias que non son nosas, que non nos corresponden e para as que non se nos da financiación. Polo que afecta á Conta Xeral, cumprimos coa regra de gasto. A regra de gasto é a medida que impide que nun exercicio se gasten máis que no exercicio anterior co incremento do PIB. No noso caso o límite de gasto era 6.173.000€, o gasto computable foi de 5.861.000€ polo que se cumpre coa regra de gasto. A estabilidade orzamentaria, que é a situación de equilibrio entre gastos e ingresos, neste caso non se cumpre, os gastos superan en 1.800.000€ aos ingresos unha vez practicados os axustes. Outro parámetro importante a analizar e a ter en conta é o nivel de endebedamento que tamén se cumpre, a Lei establece que como máximo permitido é o 75% dos recursos ordinarios, no noso caso o nivel de endebedamento a 31 de decembro de 2020 é un 15,77%, dous puntos menos que no exercicio anterior e en cifras estamos falando de unha débeda viva de 832.000€, unha cifra moi baixa.

Temos dous préstamos concertados, un é o plan de pago a provedores que lle quedan exactamente dúas cotas para rematar e o outro é o crédito que se solicitou para pagar a expropiación do terreos do parque Raiña Aragonta. A liquidez de tesourería tal como podemos ver na acta de arqueo a 31 de decembro era de 1.242.376€ que tiñamos nas nosas contas e que non se podían utilizar por esa inxusta regra de gasto. En canto á análise de execución do orzamento, polo que respecta aos gastos partimos duns créditos iniciais de 5.340.000€, que era o orzamento do exercicio 2020, aplicáronse modificacións de crédito por importe de 1.600.000€ polo que temos uns créditos definitivos de 6.170.000€; as obrigas recoñecidas foron de 5.800.000€ e o nivel de execución acadou polo tanto o 88%. En canto aos ingresos exactamente igual, partimos duns créditos iniciais de cinco millóns aplicáronse modificación por 1.600.000€ e temos uns créditos definitivos de 6.170.000€ e neste caso a recadación que se acadou foi de 5.349.000€, supoñendo un 80% de execución do orzamento. O resultado orzamentario é positivo, a diferenza entre obrigas e dereitos recoñecidos netos neste caso é de 12€ positivos e outro dato importe é o remanente de tesourería, era dun millón e medio unha vez practicados os axustes



quedou en 979.000€, 979.000€ de remanente de tesourería para gastos xerais que a consecuencia de ter suprimido as regras fiscais os Concellos puidemos dispoñer do noso remanente e no noso caso utilizamos deses 979.000€, 760.000€ para suplementar o orzamento na medida, que como lembrades, que se mermara o recoñecemento extraxudicial de crédito polo tanto utilizamos o remanentes para facer fronte ao recoñecemento extraxudicial de crédito.

Agrandes rasgos estes son os datos máis importantes que podemos obter o análises da Conta Xeral, analizala toda non nos chegarían nin dez minutos, nin quince, nin sequera vinte, estes son os datos máis significativos.

Sr. Núñez Troncoso: Bos días, en primeiro lugar queríamos desculpar as ausencias dos nosos compañeiros Primitivo, Ana Cristina e Ángela que se incorporará máis tarde, por motivos de traballo e por conciliación familiar. Antes a actual Alcaldesa criticaba que o anterior Alcalde convocaba os plenos extraordinarios pola mañá e vemos que agora segue facendo o mesmo, non sei se isto está dentro do pacto do goberno, manter os plenos extraordinarios á mesma hora que se facían antes ou non, me imaxino que si porque senón non se entende ese cambio de criterio.

Dito isto vamos a entrar na Conta, queremos en primeiro lugar felicitar tanto os departamentos de intervención como de tesourería polo traballo feito na elaboración desta conta, traballo bastante laborioso e aínda padecendo a escasez de persoal como así teñen, o que levamos dito xa varias veces, que sobran políticos con dedicación e fai falta máis técnicos que realmente son os que fan o traballo administrativo. Un documento técnico como dirá a Alcaldesa e como acaba de dicir a Concelleira de área, técnico si, estamos de acordo, pero tamén é certo que recolle a xestión do orzamento do 2020, a xestión do orzamento por parte do goberno municipal. Partíamos dun orzamento de gastos e ingresos de cinco millóns de euros pero xa a primeiros de ano non podíamos dispor dun 32,8% que era as facturas que houbo que cargar ao orzamento do 2020 que se deixaron sen pagar do no 2019 por 1.640.000€. A primeiros de ano xa non podíamos dispor desa cantidade e despois, máis grave aínda, deixouse sen pagar deste orzamento do 2020 uns 1.952.000€ que van a cargo do orzamento do 2021. Si vemos o informe de intervención quitamos as seguintes conclusións: hai incumprimento, como acaba de dicir a Concelleira de área, un incumprimento no obxecto de estabilidade orzamentaria, temos o período medio de pago a 4 meses, practicamente, cando debería ser un, o 53% dos informes de intervención con reparos, sobre todo no pago de facturas, incumprimento da Lei de contratos sobre todo ao fraccionar os traballos que se fan para este Concello- A execución do orzamento, saldo de dubioso cobro: 440.211€, que pasa que uns veciños pagan impostos e outros no? Ou a uns se lle recada vía executiva e a outros non? Porqué non se traballa en depurar este saldo? Onde está a xestión do goberno? Levamos ano tras ano máis-menos co mesmo saldo, recibo, taxas, impostos sen cobrar por 440.000€, despois incrementámoslle os imposto aos que si pagan. Un clásico que se ven repetindo ano tras ano, gastos de publicidade e propaganda e



gastos protocolarios, 92.200€ se gastaron no ano 2020 dos cales 18.000€ en vídeos propagandísticos, outro gasto que tamén a actual Alcaldesa criticaba cando estaba na oposición e agora o segue mantendo, debe ser tamén outro pacto de goberno que lle obrigaron a manter este gasto. Despois temos outras publicidades que si ven recollido no maior de gastos: felicitacións, viños, etc... isto é patético e despois como dicía antes, os veciños a pagar máis impostos para este tipo de cousas.

Gastáronse en libros para a biblioteca 5.835€ e se gastan en vídeos propagandísticos 18.000€, se ve que é máis importante os vídeos propagandísticos que a educación dos nosos fillos; 11.200€ se pagaron en retirar madeira dos viais municipais, onde está ou a onde foi esa madeira? Porque nos ingresos non está; gastos xurídicos: 34.000€ se pagaron en gastos xurídicos, maioritariamente contra traballadores do noso Concello que nos saíamos non se gañou ningunha desas demandas, o Concello me refiro, iso si, eses 34.000€ hai que pagar as indemnizacións aos traballadores, a última que nos saíamos 29.000€ a parte de gastar en avogados hai que indemnizar aos traballadores. Sogama, recollida de lixo desde marzo ata decembro sen pagar, a recollida de lixo, iso si, a recadación pola taxa aos veciños está feita, os veciños pagan a taxa pero o Concello non paga esa recollida. Servizo de axuda ao fogar, desde marzo ata decembro sen pagar, sen embargo o Concello si percibe as aportacións tanto da Xunta, como da Deputación, como do propio usuario puntualmente pero sen embargo a empresa a decembro de 2020 se lle debía aproximadamente 300.000€, pero os cartos xa estaban no Concello ingresados tanto pola Deputación, a Xunta e o propio usuario. Falaba a Concelleira de área do remanente de tesourería positivo, positivo no papel porque si vostedes aplican, como así di no informe de intervención, a conta 413 acredores, facturas pendentes de aplicar ao orzamento de 1.541.000€, vexamos si realmente o remanente de tesourería sería negativo en 561.000€ e a realidade é a que é, esta Conta o que nos ven a dicir é que a 31 de decembro o Concello debe máis de tres millóns de euros, 3.069.000€. Agora entendemos e creo que os veciños tamén o entenden, porqué o goberno non fixo nada nin está a facer nada contra o catastrazo, a Conta está aí para ver, nós non nos estamos inventando os datos téñenos vostedes para ver e están no expediente.

Sra. Alcaldesa: Antes de entrar a comentar, quero agradecer o traballo do departamento de tesourería e de intervención pero tamén agradecer o traballo enorme que fixo a compañeira de Facenda coordinando estas áreas para esta Conta Xeral, os técnicos e técnicas por suposto fan falta pero os concelleiros e concelleiras que coordinan as distintas áreas tamén e neste caso felicitar a todo o departamento incluído a Concelleira.

Como comentou a Lucia, a compañeira de Facenda, a Conta Xeral non deixa de ser un documento técnico, un resumo da execución do orzamento, xa pasou os prazos previos tanto de Comisión de informativa como de publicación polo tempo que estima agora a Lei e agora corresponde a aprobación definitiva. O compañeiro Joaquín non fixo referencia, ao menos que non me din conta, de que este ano se leva



en prazo, que tamén recordo, ano tras ano comentar que nunca se traía en prazo a Conta Xeral, desta vez xa que se trae en prazo tamén corresponde dicilo. Xa comentou Lucía os puntos máis importantes desa conta xeral que estamos de acordo que é un documento extenso e gustaría tamén sumarme a decisión do Consello de Ministros en relación coas regras fiscais, sempre temos que facernos cargos dun montón de competencias que non son da administración local, que non son do Concello, sempre foi así e sobre todo competencias que emanan da Xunta de Galicia e que se nos rebota para que os Concellos fagamos caso, estes regalos son caramelos envelenados que nos mandan cousas e que despois temos que financiar nós e facernos cargos nós cos recursos que ten o Concello, que son limitados e polo tanto súpome, agora máis que nunca, a esa decisión, porque é verdade que ade máis das competencias de sempre, neste último ano e medio de pandemia aínda tivemos que facernos cargos de moitas máis competencias para axudar nesta crise sanitaria, para facer fronte a covid-19. Un tema do que estamos orgullosos de haber dedicado recursos nun momento de urxencia, nun momento de pandemia pero que hai que ter en conta que parte desas competencias non nos correspondían e que tivemos que levar a cabo. Recordarlle o que tamén lle recordamos moitas veces, que nesas partidas de publicidade que tanto queren sempre recordar os compañeiros do Partido Popular, pois que tamén están as axudas aos deportistas, que tanto eles nas súas redes sociais din sempre que hai que axudalos, pois nesas partidas de publicidade tamén están esas axudas que tanto piden e que consideramos que debemos dar dende o Concello e que o seguiremos a facer.

Polo de máis un traballo excelente dos departamentos de tesourería e intervención e esperamos que se aprobe por unanimidade de todos os grupos desta Corporación, xa que hai que enviala en prazo e o faremos hoxe mesmo por iso convocamos este pleno extraordinario.

Sra. Pereira González: Joaquín de verdade a que quen non se inventa datos son eu, eu si que non me inventei ningún dato e todo o que lle dixen está nos informes de Intervención. Vostede colleu as cifras que mellor lle conviña, sumou, restou, fixo uns cálculos para facer ver unha visión catastrofista da situación económica do Concello que non é tal. Fai o mesmo ataque para a Conta Xeral, que para o orzamento, para o REC, para os suplementos, o seu argumentario é sempre o mesmo, sempre as mesmas coletillas, incumprimento da Lei de contratos, gastos en publicidade e propaganda, sabe que son falsos. Sabe que o incumprimento da Lei de contratos, sabe perfectamente do que estamos falando, falamos de facturas, de provedores que hai no Concello e os traballos hai que facelos e hai que repartir ao longo de todo o ano o traballo. en marzo sucede unha cousa e en outubro sucede outra cousa. Fai un ataque á Conta Xeral e a situación económica do Concello obviando que estamos falando do exercicio do 2020, un ano marcado pola pandemia, un ano no que moi dificilmente cadraron as previsións coa execución, un ano no que os ingresos se mermaron moitísimo e os gastos se multiplicaron por vinte. Sinceramente creo que é unha boa conta, que nos dan uns datos moi bos tendo en conta as circunstancias das



que estamos falando. Fai unha visión catastrofista da visión económica, volvemos a traer a conta xeral en prazo, unha Conta Xeral que nos di que cumprimos a regra de gasto, que se cumpre o nivel de endebedamento. É certo que non se cumpre a estabilidade orzamentaria pero é que precisamente por estar falando dunha situación económica especial, dun ano especial a todos os niveis, está en suspensión o cumprimento destes parámetros de todos eles e nós sen embargo si que cumprimos a regra de gasto. Unha Conta Xeral que nos día que temos máis dun millón de euros de liquidez, que ten un resultado orzamentario positivo, que temos remanente de tesourería de un millón e medio de euros, que nos permitiu dotar o orzamento con 700.000€ de suplemento, de verdade é unha visión económica tan catastrofista? Un orzamento que se executou case nun 90% no apartado de gastos e nun 80% no apartado de ingresos. De verdade non me gusta que faga esa visión catastrofista e negativa porque non o é, creo que os documentos e o resultado desta Conta Xeral avalan a xestión económica que estamos levando a cabo. Vostede pode facer as restas e as sumas que lle apeteza para tratar de enganar e de dar a coñecer unha situación que non é así, pero que creo que si que temos uns bos datos nesta Conta Xeral.

Sr. Núñez Troncoso: Debemos estar ante un expediente raro pois os datos están aí, volvo a dicir Sra. Alcadesa, falou de todos pero non deu nin un dato económico, e iso que estamos falando da Conta pero non deu nin un dato económico, segue insistindo que é un documento técnico, pero iso xa o temos claro todos, que é un documento técnico, pero ese documento técnico recolle a xestión do orzamento do 2020 do goberno. Qie é técnico non o pon ninguén en dúbida pero di claramente a xestión do orzamento do goberno no ano 2020. Non dixemos que o traen en prazo, é certo que o traen en prazo pero é que esa non é unha noticia, é unha obriga que teñen vostedes como goberno de traer en prazo, o di a Lei. Di que o Concello está asumindo competencias que non lle corresponde, non nos mencionou nin unha, sen embargo vostedes seguen sen facer os deberes, os usuarios do servizo de axuda ao fogar pagan puntualmente a súa parte, a Deputación ingresa puntualmente a súa parte, a Xunta ingresa puntualmente a súa parte e vostedes non lle pagan a empresa. Recadan o lixo dos veciños e vostedes non lle pagan a empresa, esa é unha xestión? É certo que as axudas que vostedes dan aos deportistas están en gastos de publicidade e propaganda, é certo e nós xa dixemos máis dunha vez que había que crear unha ordenanza para deportistas de alto nivel. Nós non estamos en contra desas axudas o que estamos en contra, como dixemos antes, é que se paguen 18.000€ en vídeos propagandísticos e se gaste en biblioteca 5.500€, iso é do que estamos en contra. Ninguén está en contra de que se axude aos deportistas, nós nunca dixemos iso, e volvo a repetir, máis dunha vez dixemos que se cree unha ordenanza para deportistas de alto nivel para poder darlle unha axuda.

Dicía a compañeira Lucía que nós plantexamos unha situación catastrófica, o exemplo teno claro e vimos hai un par de meses neste pleno, deixaron dese orzamento facturas sen pagar por 1.950.000€, se esa non é unha situación catastrofista dígame



vostede, 1.950.000€ deixaron sen pagar deste orzamento de 2020, amén doutras cousas que di o informe de intervención respecto a ese gasto, sen consignación orzamentaria, sen facer a correspondente retención de crédito, etc... Incumprimento da Lei de contratos, claro que seguen incumprindo a Lei de contratos ano tras ano, porque fraccionan os traballos en varias facturas cos mesmos provedores, porque de reparto de traballo nada de nada, sempre cos mesmos e fraccionan as facturas, aí están os informes de intervención nós non nos estamos inventando nada diso. Non nos podemos alegrar desta Conta, iso é máis que evidente, e volvemos a insistir, aquí hai un dato claro de porqué o Concello non fixo nada respecto ao catastrazo.

Sra. Pereira González: Eu si que me alegro dos datos que temos nesta Conta Xeral e creo que para a situación económica e para as circunstancias do ano 2020 ten moi bos datos. Está facendo comparación de partidas e de gastos que pouco teñen de comparable. Deixe de dicir vídeos propagandísticos porque ese non é o gasto, non pretenda confundir a veciñanza, non falamos de vídeos propagandísticos, falamos de xestión completa de redes sociais e do Concello. En canto ao fraccionamento de contratos o mesmo, é moi fácil coller o informe e ler que hai fraccionamento de contratos, aquí os contratos e as obras que superan o importe que esixe a lei de contratos se licitan, outra cuestión é que hai provedores e hai servizos que non é posible, xa nos gustaría ter todo licitado, claro que nos gustaría ter todos os servizos licitados, aforraríamos moitísimo diñeiro pero non é posible, non temos nin persoal nin medios para ter todos os servizos licitados. Ferraxerías en Salceda hai tres e non vamos marchar a facer a compra a outra ferraxería para non excedernos do gasto. O mesmo lle diría dos servizos de fontanería, o mesmo lle digo coa estación de servizo, coa gasoleira en Salceda, hai unha, temos que excedernos do límite da Lei de contratos, non temos capacidade para licitar nin sería operativo licitalo, hai cousas que hai que axustalas a realidade. Hai certos casos, certos servizos que sempre vai haber incumprimento pero por cuestións moi obvias, hai servizos que non se poden licitar xa que dependemos do que hai en Salceda. Vostede tende a dicilo como si estiveramos cometendo o maior dos delitos, a gasoleira temos que seguir usando a de Salceda, non vamos a botar gasolina na gasoleira que gane o concurso que pode ser en Vigo ou sabe Deus onde. Deixe de facer acusacións insinuando que estamos incumprindo cousas moi graves cando a realidade non é esa. Reitero que é unha boa Conta Xeral e que se aproba en prazo.

Sra. Castiñeira Alén: Bo día a todos e todas as veciñas que nos escoitan, bo día aos compañeiros. Xa o dixo Lucía, este documento da Conta Xeral é un documento de análise, ao final os papeis calan bocas, os resultados son bos, podería analizar cada un dos parámetros, a regra de gasto que se cumpre, o nivel de endebedamento que é baixísimo, en definitiva, o resultado é positivo e eu diríalle ao Partido Popular de Salceda que ata podo entender certa ignorancia ou descoñecemento, porque moitos de vós non estiveses no goberno pero o que si non vou permitir é que unha persoa como Joaquín, que nada lle parece positivo, que nada lle parece ben, formou parte dun goberno onde foi Concelleiro de Facenda, sabe que un documento como a Conta



Xeral é un documento de análise, ade máis urgando un pouquiño en actas anteriores Joaquín, un día reproducirei o que vostede dicía en defensa da conta xeral e o que vostede di hoxe na oposición. En definitiva ao partido Popular de Salceda non lle vale absolutamente nada, non lle vale que este goberno traia os orzamentos aprobados, non lle vale que este goberno lle pague as empresas, non lle vale que os parámetros desta Conta Xeral sexan cumpridos e moitos deles positivos, non lle vale absolutamente nada. Eeu o que quero deixa claro neste punto que ese mantra de mala, nefasta xestión económica que van soltando vostedes por todos os sitios e ultimamente polas parroquias non é verdade e hoxe queda demostrado e como dicía, non é unha posición de parte deste equipo de goberno nin de Movemento Salceda, aí están os documentos, aí están as cifras e calquera veciño, veciña poden consultalas.

Sr. Nuñez Troncoso: Sra. Dolores Castiñeira, a reprodución das actas cando estaba no goberno cando vostede queira, traías, nós tamén podemos traer as súas porque vostede bateu un récord, non houbo ningún alcalde/alcadesa neste Concello onde se recoñeceran 1.950.000€, onde se deixara sen pagar facturas por importe de 1.950.000€, bateu vostede o récord, gastou máis do que estaba no orzamento en 1.950.000€, sen ter consignación orzamentaria, non digo que non estea pagada, a conta do orzamento de 2020 xa se mutilou o orzamento do 2021 nun 35%, entón non veña vostede aquí de xestión do orzamento, Sra. ex-alcadesa, 1.950.000€ bateou vostede o récord de facturas gastadas a maiores do que contempla o orzamento sen consignación orzamentaria.

Sra. Lucía, incumprimento da lei de contratos, non sei si me está dicindo que incumpre a Lei de contratos porque apoia o comercio local, creo que todos entendemos que é porque pretenden apoiar o comercio local, por pór un exemplo a contratación de seguros se fixo con unha correduría de Madrid, iso non é intentar axudar ao comercio local, está falando de fraccionamento de contrato. Me fala gasoleira pero aquí hai outro tipo de comercios como é nese caso, o que interesa se saca a licitación e o que non interesa non, e si que se pode, mire noutros concellos si teñen licitados outros servizos que seguen cumprindo día tras día a lei de contratos e teñen licitación.

Sra. Alcadesa: A Alcadesa non repetiu datos económicos, non, porque temos unha concelleira de facenda que fai moi ben o seu traballo, que explicou a conta perfectamente e non vai a estar esta Alcadesa repetindo o que xa dixo a Concelleira. O que queira entender entende a explicación moi clara, moi concreta e creo que non facía falta que eu volvese a dar os mesmos datos que deu a compañeira de facenda. Tamén me preguntaba que competencias nos pasa a Xunta, a administración autonómica e que non dicimos cales, lle vou a poñer un exemplo, en tempo de pandemia, e non digo limpeza, digo desinfección e digo gastos a maiores, se gastan 10.000€ mensuais durante o tempo de pandemia a maiores do custe que nos supoñía a limpeza, isto por gasto de desinfección e cumprimento dos protocolos que nos pon a administración autonómica, protocolos como pon a veces ao comercio e despois fai



que o Concello teña que facelos cumprir. Está moi ben quitar normativas, está moi ben obrigar aos Concellos a facer e tomar competencias que non son deles e despois que pague o Concello. iso por poñerlle un só exemplo, xa non falo de servizo de axuda no fogar, que non subiu a Xunta a súa aportación en moitos anos e que paga só a metade.

Xa para rematar, unha Conta Xeral cuns datos dentro deste contexto que temos de pandemia e de emerxencia que tivemos, uns datos bos, por suposto uns datos que se poden mellorar pero sobre esas afirmacións non de todo correctas que o Partido Popular vai dicindo sobre a xestión de este equipo de goberno e a rosa luz, eu creo que a veciñanza saberá entender, saberá darlle a lectura que ten que darlle a estas contas e a estes resultados. Volver a felicitar á área responsable polo traballo feito. Dito isto dou lectora a proposta seguinte:

“Visto que as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2020 foron informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de datado data 13.08.2021, e expostas ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 168 de data 01.09.2021, durante quince días, os interesados puideron presentar alegacións.

Visto que non foron presentadas alegacións dentro do período de exposición pública.

De acordo co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2020.

Segundo.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e de máis normativa concordante ao Ministerio de Facenda

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta , esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CATRO** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2020.



Segundo.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e de máis normativa concordante ao Ministerio de Facenda

Expediente 1502/2021. Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 reguladora do IBI. Bonificacións e exención.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Pereira González: Neste caso a segunda proposta para este pleno extraordinario é a quinta das medidas anunciadas para paliar os efectos da revisión catastral na veciñanza. Anunciamos o estudio das bonificacións para tratar de amortiguar e neutralizar aqueles casos que considerabamos máis inxustos, pois son os terreos que non reúnen as condicións de edificabilidade. Hai que lembrar que ata a chegada da revisión catastral en Salceda só se pagaba polas edificacións, unha vez levada a cabo este proceso e a partir deste ano se paga polas edificacións e tamén polo solo. Isto non é ningunha novidade, xa acontece en moitos outros concellos da contorna, o grave problema en Salceda ven polas Normas Subsidiarias que rexen o planeamento urbanístico que son do ano 1997. Aproveito para lembrar que as NNSSP foron aprobadas polo Partido Popular, non deberían escandalizarse das consecuencias do que un día aprobaron, cando nun plano se pintan núcleos rurais hai que pensar nas consecuencias que iso poden ter. O problema como dicía que as nosas Normas Subsidiarias contemplan unha cantidade moi grande de núcleos rurais e núcleos que non reúnen as condicións mínimas de edificabilidade, é dicir, están nunha zona que potencialmente podería ser edificable pero as súas características non o permiten. Importante tamén e volvo a repetir, núcleo rural non é contrario de urbano, núcleo rural é un tipo de solo urbano, contrario é rústico, pero rural non é o contrario de urbano, polo tanto o que tratamos foi de buscar encaixe a esas parcelas. Vostedes escriben nun papel “bonificacións do 90%” e pensan que con iso se resolve e que xa está todo feito e non é así. Un tema tan complexo como este require un traballo máis minucioso evidentemente para iso está o goberno, é o goberno quen o fai, hai moito traballo detrás desta proposta. No pleno que aprobamos a baixada do tipo xa lle anunciamos que estabamos traballando nestas bonificacións pero que non estaba de todo madurado o proxecto, a maneira que se ía a materializar e despois de moitas conversas, de intermediar co ORAL, co Catastro, conseguimos establecer un criterio que defina con relativa facilidade o que nós tratamos de bonificar e que é a proposta que hoxe se trae aquí, que vai a ser bonificar a aquelas parcelas que xa Catastro lles aplicou o coeficiente redutor na valoración, as parcelas con coeficiente G ou H, unha por non ter a superficie mínima de 450 metros e a outra por non contar con edificabilidade temporal por non contar con acceso rodado.



Como xa sabedes os informes de tesourería e de intervención son desfavorables, neste caso non só pola diminución de ingresos que vai a supoñer esta bonificación, que diso xa falaremos noutra ocasión, senón porque non ven encaixe legal a este artigo 4.1, o que nós pretendemos bonificar. En todas esta conversas a posición do ORAL non nos quedaba moi clara, xa llo dixen na Comisión e o compañeiro Joaquín dixo que o ORAL non pintaba nada, díxenlle que discrepaba porque realmente é o ORAL o que ten que executar o que nós lle pidamos e efectivamente onte recibimos o informe, que volo faremos chegar, do ORAL. O ORAL non ve tampouco o encaixe destas bonificacións na xeneralidade do Concello, nos di que o lóxico sería determinar zonas, cousa que a nós tampouco creemos tan acaída porque non vamos a facelo para uns veciños e para outros non. O que si nos di é que efectivamente a potestade é nosa, nós somos os que tomamos a decisión pero no caso de seguir a diante non van a ser eles quen o executen, non van a xestionar esas bonificacións, en previsión disto xa tiñamos que traer estas bonificacións de maneira que puidésemos nós cos nosos medios definilas e levalas a cabo para poder pasarlle ao ORAL o listado de cales son as parcelas a bonificar.

Ade máis a proposta inclúe tamén unha exención, ata agora non era preciso, pois como xa dixen ata agora só se pagaba polos inmobles e polo tanto non había recibos tan pequeniños, agora si se fai necesario con este novos valores, con estes novos recibos que ten a veciñanza, incluimos unha exención que é de xustiza de 7 euros que tamén a contempla a maior partes dos Concellos nos que se paga polas parcelas, neste caso sumado ao 90% de bonificación nos casos das parcelas que falamos, que consideramos que son as máis inxustas e as máis maioritarias tamén, daríamos solución deixando sen pagar a maior parte dos casos destas parcelas.

Como digo temos os informes desfavorables tanto de Intervención como de Tesourería como do ORAL pero creemos que toca estar do lado da veciñanza, teremos que facer o esforzo de xestionar nós esas bonificacións, de tramitalas e pasarlle o traballo feito ao ORAL para que non se produzan situacións inxustas de ter que pagar por terreos que na realidade e como consecuencia de que nas Normas Subsidiarias estean definidos como núcleo rural e en realidade non van a ter nunca a condición de urbanizables pois hai que bonificalos ou buscar a maneira de que se pague o mínimo por esas parcelas.

Sr. Rodríguez Davila: Bos días a todos os membros da Corporación igualmente aos veciños que nos estean vendo nestes momentos ou que o fagan cando consideren.

Sra. Alcadesa permítame primeiro solicitar en nome deste grupo que se retire a palabra ignorantes que foi a que dixo a Sra. Dolores Castiñeira cara aos membros deste grupo, aquí ninguén é ignorante, solicito que retire o dito. Tamén lle solicito, Sra. Alcadesa que vostede exerza de moderadora imparcial e que cando reiteradamente os compañeiros do seu goberno interrompen, neste caso o



compañeiro Joaquín, por favor solicito que lle chama a atención igual que fai cando este grupo en algunha ocasión interrompemos, nesta ocasión, insisto, varios membros deste goberno interromperon reiteradamente ao compañeiro Joaquín.

Sra. Castiñeira Alén: Podo retirala sen ningún tipo de problema, ignorancia significa descoñecemento, se vostede cree que iso é un insulto, si vostede cree que iso é un insulto, o retiro.

Sr. Rodríguez Davila: Vostede dixo “o descoñecemento e a ignorancia do grupo” está aí, está gravado polo tanto solicito que o retire.

Sra. Alcaldesa: Dúas cousas, primeiro exercín de moderadora dende o primeiro momento, no momento en que pedín que o equipo de goberno cumprise e deixase falar ao compañeiro do Partido Popular e o fixen a posteriori cando pasou o mesmo no sentido contrario. Segundo, a compañeira o único de dixo foi “ignorancia e descoñecemento sobre un tema” non chamou ignorante a ningunha das persoas que ocupa a banda do Partido Popular, mesmo así como di a portavoz de Movemento Salceda se quere, queda reflectida en acta a súa queixa. Pediría ao compañeiro do Partido Popular que se cinga ao tema.

Sr. Rodríguez Davila: Agradezo que así o faga e xa para rematar, solicito que se inicie de novo o tempo. Que o goberno estea contento coa xestión da Conta cando deixan 1.900.000€ de facturas sen pagar do ano pasado, e para botarse a chorar.

Sra. Alcaldesa: Volvo a repetir, creo que o pleno é un instrumento para facer política, pero é un instrumento institucional que debemos levar a cabo a raxatabla, que debemos cumprir coa normativa. Fai un momento o compañeiro do Partido Popular, o voceiro me di que teño que moderar o pleno e efectivamente o vou a facer, creo que hai dous puntos na orde do día, no primeiro tratouse a Conta Xeral, no segundo se vai a tratar a modificación da ordenanza do IBI, as bonificacións e as exencións e pido unha vez máis que nos cingamos ao tempo, non é porque esta Alcaldesa queira facer ou moderar o pleno como eu queira, senón que temos que ser exemplo para a veciñanza e cumprir a normativa e cumprir co regulamento para dar exemplo á veciñanza. Se nós mesmos non cumprimos as normas non podemos pedir que o faga o resto das persoas. Somos trece concelleiros e concelleiras que representamos a toda a veciñanza de Salceda polo tanto pido que se cumpra a normativa de pleno e neste caso se cinga ao punto número dous que é o IBI. Ponse o tempo a cero.

Sr. Rodríguez Davila: Moitas gracias pola rapidez, Sra. Alcaldesa. Estamos ante unha proposta que nos ocupa e nos preocupa a todos aos veciños máis que ninguén porque son os que sofren as consecuencias deste inxusto e abusivo catastrazo e tratarei no día de hoxe, unha vez máis, por enría da mesa todas e cada unha das iniciativas que este grupo dende que tivo coñecemento, que foi a través dos orzamentos deste ano 2021 onde o goberno pasou de contemplar 900.000€ de



ingreso da urbana do ano 2020 a 1.700.000€ polo ingreso da urbana en este ano 2021, é dicir, unha diferenza de 800.000€ a maiores con respecto ao ano pasado, é dicir unha recadación aos veciños de máis de 800.000€ de urbana enría da do ano pasado, unha autentica barbaridade. Como digo este grupo dende o minuto un, dende o primeiro pleno no que tivemos ocasión que foi no pleno de febreiro, empezamos a poñer enría da mesa medidas para intentar axudar a paliar e minimizar este impacto que ía a supor e que xa está a supor, desgraciadamente, nos bolsillos dos nosos veciños e das nosas veciñas. Nese pleno de febreiro dese ano 2021 solicitámoslle ao goberno recorrer ante o Catastro a paralización desta iniciativa. Naquel pleno o goberno dixo non a recorrer ante o Catastro este inicio deste procedemento, deixaba ben claro dende o minuto un que o goberno estaba de acordo co Catastro porque senón no período de exposición ao público onde os afectados e tamén o Concello como administración pública podía recorrer o houberan feito e polo tanto, como goberno nunca vostedes recorreron o procedemento con ningún documento, con ningunha proposta. Vostedes como levamos dito en moitos plenos estaban de acordo, por iso o recolleron nos orzamentos, si un non está de acordo con esa recadación un non o contempla nos presupostos, si un non está de acordo con esa recadación un recorre ese procedemento, si un non está de acordo con esa recadación un manifesta publicamente o rexeitamento, si un non está de acordo con esa recadación un fai todo o posible a través de diferentes iniciativas, comisión, plenos, reunións, cartas informativas, bando municipais, etc... en contra do mesmo e vostedes fixeron cero.

No pleno do mes de abril propuxemos que as anualidades dos atrasos que ían chegarlle aos veciños si fixesen en tres anos, que viñeran repartidas en tres anualidades, aí estiveron vostedes de acordo, votamos a favor esta Corporación, vostedes votaron a favor desa iniciativa e resulta que a día de hoxe, que nos teñamos constancia, o ORAL non nos notificou aínda que van vir eses atrasos repartidos en tres anualidades. Vostedes nos dixeron reiteradamente que había un acordo verbal, pero non temos, non recibimos ningunha comunicación oficial por parte do Catastro que si aceptaban ese reparto deses atrasos en tres anualidades.

No pleno de xuño aprobouse a modificación do tipo a aplicar do 0,50 ao 0,40 aí estivemos de acordo, vostedes sumáronse a esa proposta que nós fixemos que inicialmente votaran en contra, aprobamos unanimemente a baixada do tipo, recórdolles que vostedes votaron en contra a finais do ano anterior e que vostedes na proposta que nós fixemos neste pleno votaron en contra e logo a trouxeron ao pleno de xuño onde votamos a favor. Propuxemos tamén un incremento das bonificacións as familias numerosas máis vulnerables e vostedes votaron en contra, non están de acordo en facerlle máis bonificacións as familias numerosas máis vulnerables do noso Concello. Lles solicitamos tamén que o Concello e a Alcaldesa, como representante de todos os salcedenses, recorrieste este procedemento en tempo e forma, xa que o podería facer antes de acabar o prazo ante o Contencioso-Administrativo, vostedes votaron en contra, outra proba máis de que estaban a favor



porque senón vostedes esgotarían todas as vías posibles legislativa, administrativa e xudiciais para recorrer ante un procedemento que supostamente vostedes din que non están de acordo, pero logo na práctica vostedes non fan nada para paralizalo. Non é que non fan nada é que non fixeron nada, senón ensinen vostedes algún documento de recurso contra o mesmo, ensínenllo aos veciños, ensinen vostedes algún escrito en contra de este catastrazo emitido e presentado ante o Catastro en Pontevedra, non teñen ningún porque como digo vostedes estiveron de acordo sempre co mesmo.

Fixemos outra proposta máis que era iniciar os trámites de modificación da ordenanza para a bonificación potestativa do 90% de todas e cada unha das parcelas que antes non pagaban e agora pagan e para iso hai que facer o traballo de remitir ao Catastro estas referencias catastrais que cumpren cos coeficientes G,H,D, etc... para que os contemplen de oficio e non que teñan que ser os veciños, como é o que vostedes pretenden na mañá de hoxe. Nesa propostas vostedes votaron en contra e aí nós contemplabamos todas e cada unha das parcelas que ata do agora non pagaban e agora van a pagar e iso hai que facer un traballo, claro que si, interno no Concello para remitir ao ORAL, vía referencias catastrais e vía tipos de coeficientes a aplicar, claro que é un traballo laborioso claro que si, e vostedes o e que están facendo e o que pretenden facer na mañá de hoxe é facer o contrario e que moitas de esas parcelas se van a beneficiar, claro que si, pero moitas outras van quedar fora desa bonificación do 90% porque vostedes non fixeron o 100% do traballo tal e como din os informes do ORAL, tal e como di o informe de intervención e tal como di o informe de secretaria municipal. O din ben claro, que hai dúbidas legais de aplicación do mesmo para bonificación desas parcelas, llo están dicindo, non llo dicimos nós, e ante eses informes miran para outro lado e tiran para adiante, vostedes creen que iso é serio? Vostedes creen que é serio con eses informes contundentes contrarios a esa bonificación que vostedes pretenden aprobar, onde non entran todas e cada unha das parcela, non entran todos, que moitas van queda fora e é máis, e o mas grave aínda, teñen que ser os veciños os que ano a ano soliciten a bonificación que non sexa de oficio, que cada ano teñan os aos veciños aquí reclamando a bonificación desas parcelas, vostedes creen que iso é un traballo rigoroso e serio? Vostedes creen que podemos estar contentos con ese traballo? Vostedes levan meses dicindo dende o minuto un que están traballando, que están buscando solucións e resulta que dixo vostede fai un momento que na baixa do tipo do 0,5 ao 0,40, sabe cando foi iso? Foi no pleno de 3 de xuño cando aprobamos, tiñámolo solicitado antes pero aprobouse o 3 de xuño. Sabe cando empezan vostedes, cando firma a Sra. Alcaldesa o inicio do expediente para traer a pleno esta modificación que vostedes pretenden aprobar? O 30 de xuño, ou sexa, nos levan dito meses e meses que están traballando e resulta que inician o expediente o 30 xuño, un mes despois de aprobar a baixa do tipo.

Sr. Rodríguez Canosa: Por alusións, que dixo que había un concelleiro facendo aspaventos, si fixen aspaventos porque me da vergoña a oposición que temos, porque temos unha oposición que o único que están facendo é populismo, están



enganando a veciñanza e non paran de dicir mentiras. Di que todo é iniciativa súa, o que acaba de dicir agora, con que data se asinou a providencia? Téñoa aquí, a modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do IBI, providencia de alcaldía data de sinatura 10 de marzo de 2021, está aquí, isto é un claro exemplo de como están enganando a veciñanza sempre pleno tras pleno, intervención tras intervención, que o único que lle interesa é facer vídeos populistas e mentindo a veciñanza.

Sra. Alcaldesa: Non me sorprenden as declaracións do Partido Popular e non me sorprende que di que tiñamos que haber feito unha paralización, unha moratoria etc... Levamos dende o mes de febreiro repetindo isto mesmo que estamos repetindo neste pleno, nun montón de plenos, moitos solicitados polo Partido Popular, outros a instancia do equipo de goberno e creo que repetirnos seguido non é o que deberíamos facer, pero voulo volver a lembrar. Vostede pedía a paralización e moratoria que solicitou o Concello de Mos, ademais poñía como referencia o Concello de Mos dende o primeiro momento como exemplo, a min me gustaría que me contestase que é o que está sucedendo no Concello de Mos neste intre, porque no Concello de Mos neste intre estase levando a cabo o procedemento simplificado, non hai ningunha paralización, ningunha moratoria que por certo, denegou Catastro, con cal deixemos de enganar, de dar informacións incorrectas e de ir indo polas parroquias contando verdades a medias, porque eu creo que hai que ser serios, que o equipo de goberno no fixo nada? Voulle recordar o que fixo o equipo de goberno, por certo sempre con proposta dende a Alcaldía, con propostas a pleno porque non vale que nos anunciemos nun pleno que se van a traer bonificacións e que o Partido Popular meta o día seguinte a solicitude para que se faga un pleno para traer bonificacións. Poño o exemplo de bonificacións como podo poñer o exemplo da rebaixa da modificación, que como di o compañeiro Álex se iniciou no mes de marzo e vostedes días despois meteron a solicitude dun pleno extraordinario pedindo a rebaixa. Deixemos de enganar porque as propostas que se trouxeron a este pleno partiron do equipo de goberno en todo momento, dende o primeiro momento se puxeron e se anunciaron medidas, a primeira: oficina de información a veciñanza; a segunda: modificación da ordenanza do IBI para rebaixa do tipo impositivo; a terceira: falar e facer as xestións con catastro para o aprazamento dos recibos en distintos anos. As bonificación que xa levamos anunciado dende fai un montón de pleno e que hoxe traemos aquí, así que deixe de facer demagogia porque eu lémbrolle unha cousa, isto non vai de partidos, porque se fora de partidos non estaba acontecendo o mesmo aquí que goberna o PSOE que en Mos que goberna o Partido Popular e o mesmo en Bueu que goberna o BNG, en ningún tres de eses Concellos está pasando o que está pasando aquí, o de facer unha oposición falsa para intentar gañar uns cuantos votos. A veciñanza é intelixente, o dixen sempre e sei que o vai a seguir sendo. Por suposto que é un tema que nos preocupa a todos e por iso hoxe traemos as bonificacións e outras medidas que se trouxeron antes, durante os meses anteriores. Deixémonos de facer esa demagogia, ese vou visitar as parroquias e vou contar a miña versión e non contar a realidade e verdade, veciñanza, é verdade, o Partido Popular pediu tres plenos con distintas medidas, e sempre a rebufo do equipo



de goberno local, non por iniciativa propia, porque as propostas que aquí se aprobaron no pleno foron as traídas por este equipo de goberno.

En canto a dicir que o equipo de goberno non tivo interese en arranxar esta situación e axudar a veciñanza, eu voulle poñer un claro exemplo, creo que lee os informes, vostede mesmo acaba de dicir que son informes negativos de intervención e de secretaria, e supoño, non sei si lle deu tempo a ler o informe que chegou do ORAL no día de onte, entendo que si, que tamén é negativo. O informe non é negativo porque nós non queiramos bonificar a todas as parcelas senón todo o contrario, é negativo porque non limitamos moito máis esas bonificacións. Eu creo que cando un lee un informe, é verdade que o informe chegou onte e ao mellor non deu moito tempo pero tamén chegou a emenda do Partido Popular onte a noite, pero é que a emenda despois do informe di *“hai un informe do ORAL na que nos di que temos que limitar máis e acotar as parcelas sobre as que hai que bonificar”* e o Partido Popular colle e responde aumentando esas bonificación.

A min gustárame e voulle a pedir por favor, e llo pido de verdade, e como Alcadesa, que se informe, que se asesore porque creo que está facendo unha oposición desleal e non desleal a este equipo de goberno, senón desleal a toda a veciñanza, está facendo unha oposición desleal a toda veciñanza. Lea os informes, agora mesmo este equipo de goberno está apostando por axudar á veciñanza a pesar de que temos uns informes que nos din que fagamos o contrario, e estamos apostando, gustárame saber si o compañeiro do Partido Popular vai a apoiar esta decisión ou simplemente vai seguir facendo un brindado ao sol para que no seguinte pleno extraordinario se pidan outras bonificacións que non vamos a poder levar a cabo. Eu lle digo, vai apoiar o Partido Popular a decisión de facer bonificacións e de facer exencións dos 7 euros? Porque eu creo que é do que se trata hoxe aquí, non se trata nin de paralización, nin de moratorias, nin de brindados ao sol, nin de dicir verdades a medias, trátase do punto que traemos, vai a aprobar as bonificacións do 90% nas parcelas que teñen os coeficientes H e G, é dicir, os que teñen menos de 450 m² e os que teñan a condición de edificabilidade ou non? Iso é do que se trata este pleno.

En canto a facer o traballo ou non, eu quero aproveitar este pleno tamén para agradecer o traballo que levan feito neste tema tanto o departamento de urbanismo coma os de tesourería e intervención e secretaria, porque si que se fixo ese traballo, e si que tanto dende a Concelleira de Facenda como eu mesma como Concelleira de Urbanismo levamos traballado nisto moito tempo, o resultado pois o resultado a verdade é que son tres informes negativos porque temos que acotar máis esa axuda á veciñanza que queremos dar. Se vostedes o miran a ben, levamos a diante este iniciativa para axudar aos veciños e si non o miran a ben o Partido Popular se retratará do que está dicindo polas parroquias.

En canto a si é de oficio ou a instancia de parte, neste Concello pero non so nesta legislatura con este equipo de goberno senón tamén nos anteriores, leváronse



sempre as bonificacións incluídas as das familias numerosas a instancia de parte que é o máis lóxico, o máis acaído e o máis xusto, que sexa o administrado que queira a bonificación o que a solicite, nós abrimos as vías e debe ser como é en case o 90% ou 100% dos casos de bonificacións que as solicite o administrado interesado.

Creo que quedou claro, creo que nos estamos repetindo, que nos estamos saíndo do tema que traemos hoxe aquí e o único tema que traemos hoxe aquí é un traballo feito con rigorosidade durante moitos meses e que a pesar de ter informes negativos este equipo de goberno ten a intención de axudar a veciñanza aprobando estas bonificacións e esta exención.

Sra. Pereira González: Santi o relato quedouche estupendo, a poesía escrita de todo o que fixestes faltoulle a rima solo, de verdade dende esta bancada non nos estamos rindo o que estamos é indignados, indignados de se sente vostede aí e grave o seu vídeo propagandístico, porque ése si que é un vídeo propagandístico, populista, mentindo de esa maneira e que se quede tan tranquilo, non é xusto con este goberno e non é xusto coa veciñanza por iso nos indigna e non o podemos evitar.

Falando dende o principio do procedemento o de non recorrer, para recorrer hai que ter un mínimo de argumentos, vostede dígame un argumento, un artigo, algo no que se poida recorrer. O procedemento simplificado de valoración colectiva levouno a cabo a Dirección Xeral do Catastro por imperativo legal baseándose nunha Lei que non se estaba cumprindo, é así, con qué recorreremos? Pomos que nos parece fatal? Hai que ser un pouquiño máis serios e para recorrer e chegar ao contencioso hai que ter un respaldo, un amparo legal, non se pode recorrer dicindo que nos parece mal, que nos parece que xera situacións inxustas. Dixémolo dende o principio, xera situacións inxustas debido á gran cantidade de núcleos rurais que contemplan as Normas Subsidiarias do ano 1997, esa é a realidade.

En canto á previsión dos orzamentos exactamente o mesmo, que estea prevista nos orzamentos non significa nin que esteamos de acordo, nin que nos pareza ben, nin nada polo estilo, no orzamento hai un montón de impostos que podemos debatelos si nos parece ben ou nos parece mal, pero son impostos, é diñeiro que se recuada e hai que contemplalo no orzamento porque se non o contemplamos o que pasa e que despois tampouco se pode repercutir en gastos para a veciñanza. Si nós cando estamos en pleno proceso de elaboración dos orzamentos no mes de febreiro se nos comunica que vai a haber un aumento de ingresos debido a un procedemento que catastro esta levando a cabo, é a nosa obriga recollelo, é a nosa obriga porque se non o contemplamos como ingreso tampouco se pode contemplar como gasto e o que ía pasar e o máis frustrante, é que a veciñanza ía acabar pagando e nós non íamos poder repercutir ese diñeiro para a veciñanza, iso é o que ía a pasar. Si entendeche da túa lectura dos informes que son desfavorables porque non se bonifican a todos creo que tes que volver a lellos, Santi, precisamente é xusto ao contrario polo que formulan ese informe desfavorable, porque se aplica a unha gran xeneralidade, e o



artigo 74.1 precisa un pouquiño máis de definición, cousa que como xa dixemos, non nos podemos atrever a facer porque qué facemos? Bonificamos aos veciños de Picoña e os de Budiño non? Sería inxusto totalmente, iso é o que esixe a lei, que definas cales son eses núcleos, que se definan e é o que nos di o ORAL, que está indeterminado e que as bonificacións non se deben aplicar á xeneralidade senón a casos concretos, que os definamos e o que nós estamos intentando obviar e é o que a aplicar ao a totalidade da veciñanza e non definir espazos concretos.

Das as datas que che interesa do que che interesa, vai ser mellor que collamos a acta do mes de febreiro onde falamos do orzamento e por primeira vez neste pleno se falou do procedemento que Catastro estaba levando a cabo e aí xa falamos das cinco medidas, a oficina, as facilidades con catastro coa presentación de recursos, a dosificación dos recibos, o estudio da baixada e o estudio das bonificacións. O estudio nun caso foi máis largo e noutro caso foi un pouco máis curto e as datas están aí, e como xa che dixo Álex, dende marzo que se iniciou o expediente de modificación, agora das as que che convén, claro, cando estabamos traballando nas bonificacións decidimos que era mellor abrir un expediente aparte e por iso ten unha data máis tardía, pero se está traballando dende febreiro, unha vez que rematamos o orzamento e que vimos as consecuencias deste procedemento simplificado, que no momento que se nos comunica nin sequera sabemos o alcance que vai a ter, sabemos que vai a ter un repercusión importante pero nese momento nin sequera sabíamos e por iso puxemos en marcha esas medidas e o estudio de unha e outra en marcha xa o primeiro momento.

Creo que esta proposta de bonificación do 90% as parcelas de menos de 450m2 e as que non teñen acceso é unha boa proposta e que da solución a práctica totalidade das fincas que queremos bonificar tanto nós como vós, pero non se pode dicir, bonifica todo o que non pagaba o ano pasado, non, hai que buscar un criterio, un coeficiente e hai que buscar unha liña que poidamos seguir e que nos permita definilos con facilidade. Creo que esta é unha boa proposta e o vídeo a próxima vez trabálleo mellor e poña argumentos certos, non trate de atribuírse todo.

Sr. Rodríguez Davila: Mellor non falar do pleno de febreiro en canto a súa intervención, Sra. Concelleira, porque naquel pleno recórdolle que vostede dicía que os valores non ían a mudar, esa foi unha frase extraordinaria que lamentablemente a realidade desminte a vostede e ao goberno categoricamente. Os documentos están aí e as datas están aí e hai diferentes expedientes que cando antes se falaba dunha data se refería ao inicio dun expediente dun pleno extraordinario que se celebrou o 30 de xuño e agora neste expediente o primeiro documento que aparece no expediente e do 30.06.2021, aclárense. Resulta que a Sra. Alcadesa o 30 de xuño solicita ao catastro que lle diga que parcelas son as que se poden bonificar en función do tipo G e H, iso está no expediente, isto é un expediente da Sra. Alcadesa non é deste partido, tres meses para intentar traer a pleno no día de hoxe. Logo nos informes hai contradicións, resulta que no informe do ORAL fai mención ao



coeficiente H que non coincide coa ponencia de valores do noso Concello, resulta que a ponencia do noso Concello é do ano 1987 e o coeficiente H e por inedificabilidade temporal e resulta que o informe do ORAL di outra cousa diferente. Resulta que estamos a 30 de setembro e fai dous días chega un informe, porque ese informe pediuse uns días antes por parte da Alcaldía. Pero vostedes creen que é normal, nun tema tan serio e importante, andemos ás presas e a correr, cando din vostedes que levan dende febreiro traballando nisto? E nós temos este informe dende onte a noite? Cando vamos a ver se meteron algo no expediente e efectivamente, pero nin unha whatsapp, nin unha chamada de vostede nin da señora Alcaldesa para informarnos de que se chegara este informe. Incluso vostede dixo que nos farían chegar o informe cando xa o temos porque está colgado no expediente da sesión de pleno, pero vostede nin se enteira. Con todos os respectos, como Concelleira Delegada, vostede está recoñecendo que non se decata en relación á documentación que está no expediente. Dixo vostede que nos van facer chegar o informe do ORAL e resulta que nós xa o temos e vostede di que nolo vai facer chegar. Onte a noite nós miramos este informe, tivemos que lelo e efectivamente visto o informe e visto esta proposta que se trae a este pleno, só de facer unha bonificación a certas parcelas G e H, non se contempla o suposto do excesivo desmonte, é dicir, vai haber parcelas de máis de 450 m² que estean nun desnivel e que non se poden edificar ou que estean en un socalco que teñan camiño público e que vaian a tributar, iso é inxusto porque aí non se vai a poder edificar e entón, dende a administración local, o goberno neste caso non fai nada para solventar o problema a ese veciño. Claro que vamos a bonificar a moitísimas persoas, claro que si, pero non a todas as que inxustamente van a pagar. Haberá que buscarlle unha solución a esa xente. Que pasa, que esa xente non ten dereito a que o goberno lle busque unha solución e que non paguen por unha parcela na que non poden construír porque está nun desnivel ou porque non ten fronte suficiente á vía pública? Vostede sabe iso? Vostede sabe que coa aprobación que pretenden facer no día hoxe vostedes van a deixar a moitos veciños indefensos porque van a pagar por parcelas que non van a poder construír? Haberá que buscarlle solución ao 100% dos veciños e iso é viable e iso é posible, vostedes votaron en contra da bonificación do 90% que nós propuñamos e agora resulta que traen a pleno a bonificación do 90% pero con matices, se é que antes non se podía como é que agora se pode? Pódese e ademais hai que melloralala por iso nos presentamos unha emenda para que a maiores do que vostedes pretenden aprobar, que estamos de acordo, se inclúa a letra B e a letra D.

Sra. Alcaldesa: Na Comisión informativa o compañeiro Joaquín pediu que se incluíse unha palabra ou dúas que eran parcelas sen construción.

Sr. Núñez Troncoso: Eu o que dixen na Comisión é que a proposta que presentaba o goberno era unha auténtica barbaridade porque aí se estaba incluíndo todo tipo de parcelas co coeficiente G, podían ter construción ou non ter construción, ese foi o que dixen.



Sra. Alcaldesa: Nós por seguridade ou por admitir o que vostede nos propuña puxemos “parcelas sen construción” pero hai que aclarar que as parcelas se referían ao terreo, que o coeficiente non está aplicado nas construcións, pero aínda así o poñemos por seguridade, si o Partido Popular se sinte máis tranquilo. Insisto, falan dun informe do ORAL que recibiron onte a tarde, creo que se recibiu unha emenda do Partido Popular onte a noite, o informe de ORAL non depende de nós cando o rexistran ou deixan de rexistrar. Nós solicitamos un informe que chegou onte, o expediente estaba bloqueado polo Pleno e a Sra. Secretaria do Concello o meteu no expediente, o informe non chegou antes nin puidemos facelo doutra maneira, pero si é verdade que o Partido Popular o puido facer doutra maneira, meter a emenda en tempo e non o fixo.

Non sei si vostedes viron nalgún Concello ou nalgún sitio que se aprobara unha Lei, un imposto e que se bonificara todo, realmente están pedindo que se bonifique todo, que faga unha exención, vostedes queren incluír tamén as bonificación b) e d) cales deixan fora? Parcela en construción as que se lles aplique a efectos catastrais os coeficientes corrector B, lonxitude de fachada, que por certo están case todas incluídas dentro das parcela inferiores a 450 m², e parcelas en construción as que se lles aplique a efectos catastrais o coeficiente corrector D, desmonte excesivo. Vostedes saben que non tivemos ningunha consulta sobre este tipo de coeficiente durante este tempo todo de información? Estoulle falando que esas parcelas son mínimas e que resulta moi difícil de identificar. Creo que traemos unha proposta que soluciona as inxustizas da maior parte das persoas que lles afecta este procedemento bonificado, non hai en ningún sitio unha lei que bonifique case todo e hai que darse conta que se baixou o tipo impositivo do 0,5 ao 0,4, de que se van a bonificar as parcelas co coeficiente redutor G e H, que son o maior número das parcelas afectadas, G que son as que teñen a superficie mínima ou menos de 450 m² nas que non se pode construír e a H que son a de inedificabilidade temporal, con iso cubrimos case a totalidade ou un porcentaxe moi amplo das inxustizas deste procedemento simplificado. Eu creo que o Partido Popular esta baseándose en que quere ter un seguinte pleno extraordinario para pedir outras bonificacións máis e vólvolle a repetir é curioso, curioso, moi curioso que no Concello que Mos gobernando o Partido Popular con maioría absoluta se estea aplicando o procedemento simplificado na súa totalidade.

O procedemento simplificado está levándose a cabo en catro concellos neste momento gobernados por distintas forzas políticas e xa se aplicou noutros concellos como o de Salvaterra sen Plan Xeral dende fai anos. Quero dicir que non vos sumedes, por responsabilidade, a campaña doutros grupos que non teñen representación e que din que isto é unha ilegalidade porque non é certo, Salvaterra sen plan xeral se está aplicando isto dende fai varios anos.

Sra. Pereira González: Quero pedir que retires o “*que non me entero de nada*” porque ademais o dixeches en ton despectivo. Chegou onte e eu con boa vontade



dixen que volo facía chegar, eu onte non entrei no expediente e non sabía que alguén o introducira.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Concelleira e Sra. Alcaldesa, si hoxe temos este pleno para debater este tema tan importante que lle afecta a tantos veciños e chega un informe que vostedes solicitaron o 13 de setembro e chega o 28 e resulta que o meten no expediente o 29 de setembro, ou sexa onte, o seu deber, como responsable da área e da Sra. Alcaldesa como máxima responsable do goberno era, se tiveran vontade de que este grupo tivera coñecemento dende xa de que tivera ese informe, era facérnolo chegar vía whatsapp, vía telefónica ou polo que fose, pero non o fixeron nin vostede nin a Sra. Alcaldesa. Se nos onte non chegamos a entrar no expediente deste pleno hoxe estaríamos aquí sen saber que existiría ese informe do ORAL, iso era o dicirlle que non se entera no bo sentido, non se entera porque si se enterara houbera feito a publicación que era a súa obrigaón.

Sra. Alcaldesa: O mesmo que si nós non houbésemos entrado no expediente onte a noite, non houberamos tido a emenda do Partido Popular.

Sra. Castiñeira Alén: Os que e as que estamos aquí fomos escollidos para representar á veciñanza, en vez de crispas a ver si somos quen de explicarlle aos veciños porqué estamos aquí, porque ademais estamos para algo positivo, no que todos e todas vamos a estar de acordo ou deberíamos. Ás veces non sei si o Partido Popular actúa con descoñecemento ou simplemente se agarrou a isto para ir gañando á veciñanza, cousa que me da moita pena e sobre todo por vostede señor Davila si pretende ser algún día Alcalde de este Concello. A veciñanza o que ten que saber é porqué estamos aquí e este goberno está para defender os seus intereses dende o comezo deste proceso de revisión catastral. Dáme a sensación que se lle borrou da cabeza o pleno do mes de febreiro no que se falou das cinco medidas e nese pleno ademais dixemos que iamos a dar cumprimento a cada unha delas, cousa que fixemos, e a que era a máis complexa e difícil solución que precisaba informes, que precisaba estudos e mesmo así veremos a viabilidade legal que ten a toma desta decisión, era bonificar esas parcelas que estaban situadas en núcleo e que non resultan edificables. Tiñamos claro que era a maior das inxustizas e hoxe traemos a este pleno precisamente a solución a ese problema e sen embargo eu non sei se os veciños e veciñas que nos escoitan creo que xa se perderon neste debate xerando unha tensión innecesaria que creo que é a que vostedes lles interesa trasladar aí fora e é o que están facendo. Dame magoa, nós o que temos que defender os intereses dos veciños e veciñas que é o que fixemos dende o comezo. Hoxe se traen a este pleno as bonificacións que serán do 90 % que afectaran a esas parcelas que non cumpren determinadas características para ser urbanizadas e a pesares de que están situadas en núcleo e ademais terán a exención do pago aqueles recibos de menos de 7 euros. Con esta medida damos solución a moitísimos problemas sobre todo na zona de San Xurxo e da Picoña e isto é o que quere escoitar a veciñanza, non quere escoitar brindes ao sol, díxenllo naquel primeiro pleno, outros Concellos optan por facer brindes ao sol, vostedes tamén



foron así, en vez de facer pedagogía sumáronse a ese brindes ao sol, a facer populismo, cando chegou a resposta de catastro a Mos en seguida baixaron a garda, en seguida se renderon, magoa, logo chegou o BNG incluso propondo solucións que realmente son perigosísimas para a veciñanza, incluso pedindo diñeiro para recorrer sen ter informes, pedíndolle diñeiro a veciñanza e vostedes a que non lles explican aos veciños iso, non, dedícanse a ir polas parroquias, vostedes teñen a mesma obriga que nós de defender a veciñanza, non poden ir polas parroquias recollendo a semente das mentiras dos que elixiron vostedes de compañeiros desta andaina, o BNG de Salceda, escollérono e agora van polas parroquias e din vostedes que son as súas medidas, de verdade lle recordo, vostedes non gobernan, quen ten poder executivo é este goberno, tráense estas propostas e vostedes supoño que por lóxica e por defensa da veciñanza, votarán a favor dela como viñeron facendo ata de agora, como na baixada do IBI e tamén como o retraso dos cobros retroactivos dos catro anos. Agardo que hoxe se sumen a esta proposta do goberno e voten a favor dela porque permite dar solución a gran problemática desas parcelas.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Dolores Castiñeira a verdade é que escoitala a falar a vostede dos seus ex-compañeiros de partido, por iso este grupo se sumou, verdade? Por iso convocou concentracións, protestas, fixo pintadas, gritos, insultos, iso é o que fixo este partido, verdade? Pedirlle cartos a xente, ir aos recursos contenciosos iso é o que fixo este partido, verdade? Vostede nin cree o esta dicindo porque como todos os veciños acaban de escoitar o que acaba de dicir é unha auténtica barbaridade contraria as mesmas palabras, pero vostede mesma. Lle vou a ler o que di o informe do ORAL que di *“da redacción proposta e da tipoloxía que identifica os ben obxecto de bonificacións non queda acreditada ademais a vinculación da actividade primaria de carácter agrícola, gandeiro ou forestal”*. Lle está dicindo que vostedes non xustifican, non son quen de dicirlle ao catastro que si son parcelas forestais e agrícolas, e me estou referindo a esas parcelas que van a quedar fora da bonificación que vostedes pretenden e si vostedes aceptan a emenda que nós presentamos, precisamente para que entren todas e cada unha das parcelas que non pagaban e que agora están pagando, solventamos o problema a todo o mundo e é tan fácil como incorporar á proposta que vostedes traen, por certo, despois de nós pedir o pleno o 15 e vostedes convocalo sete días despois, o dos 7€ que estamos de acordo, nós o presentamos o 15 de setembro e vostedes convocan o pleno sete días despois e resollen o tema en sete días. O pleno, Sra. Alcadesa, tiña que haberse celebrado antes que este pleno, pero non pasa nada, nós alegrámonos que na proposta veñan os 7 € como nos propuxemos o 15 de setembro e que vostedes empezaron o 22 de setembro, sete días despois, nos alegamos; pero como digo, vostedes ao non xustificar diante do Catastro que esas parcelas son forestais, montes cun desnivel excesivo que non se pode construír e que non teñen o ancho suficiente á vía pública para poder construír entre outras moitas cousas, esas parcelas van a pagar e nós podemos solventar a través da modificación da ordenanza que non paguen e iso é o que este grupo, unha vez máis, lle propón ao goberno, que inclúa na resolución que vamos a votar dentro dun intre a inclusión do corrector do coeficiente B que di *“lonxitude de fachada”* que



problema hai incluílo? Ou sexa, que vamos a facer pagar as parcelas que non teñan os 7 metros de ancho a vía pública, llo explican vostedes despois aos veciños.

En segundo lugar pedimos que inclúan o coeficiente corrector D que di “desmonte excesivo” é dicir, parcelas que están en socalcos ou en desniveles inasumibles para edificar, casos terribles no Loureiro, por exemplo e vostedes iso non o contemplan, polo tanto o que solicitamos é que inclúan estes dous apartados e estamos todos totalmente de acordo e aínda así, xa lles anuncio por suposto que si vostedes non aceptan esta emenda, por suposto nós vamos a votar a favor a pesares de que nos doe que moitos veciños van a pagar por parcelas inxustas e iso van ter que explicarllos vostedes porque non aceptan esta emenda. Con esta emenda, Sres. do Goberno, solventaríamos o problema ao 100% dos veciños, mandándolle ao catastro as referencias catastrais de cada unha desas parcelas, e ese traballo hai que facelo, claro que é laborioso pero hai que facelo. Outro cousa, o di o propio oficio da Alcaldesa, que ten que ser o usuario que pida a bonificación anos tras ano, no século XXI onde a informática axuda aos trámites administrativos lle dicimos aos veciños de Picoña, San Xurxo ou de calquera parroquia que todos os anos ten que pedir a bonificación desas parcelas, é tan sinxelo como coa referencia catastral crear automaticamente quede bonificada a través de modificación da ordenanza municipal do IBI, así de simple.

E logo vamos a debater no próximo pleno extraordinario que nos solicitamos e que vostedes convocan despois deste, que a maiores de todo isto se bonifique a todas as parroquias un 10% con respecto aos demais, igual que coa taxa do lixo, e iso é estar ao lado dos veciños e iso é axudar aos veciños o demais son brindes ao sol. Aquí vostedes quedan retratados e o que lle dicimos é que acepten a emenda que presentamos e que con iso, Sra. Alcaldesa, estamos todos de acordo que eliminamos o inxusto catastrazo a todas esas parcelas que non pagaban e que agora pagan, e non deixemos a veciños indefensos simple e llanamente por non engadir eses dous apartados, letra D e letra B, simplemente iso, ancho de fachada a camiño público e desmonte.

Sra. Alcaldesa: Primeiro convocouse este pleno con motivo da Conta Xeral, porque queríamos aprobar a Conta Xeral en prazo, se convocou este pleno con ese motivo, aproveitamos para traer o traballo feito das bonificacións e incluímolo no punto dous desa convocatoria. Eu non sei si vostede sabe o que hai que facer para bonificar unha parcela das teñen o apartado de desmonte excesivo, hai que ir unha por unha a quitar as súas medicións, os seus desniveis, facer informe, vostede pensa que o Concello de Salceda de Caselas ten os recursos para facer iso?.

Segundo, de verdade que a nós nos gustaría que este procedemento simplificado, non fose neste momento que ademais sabemos que é un momento complexo para isto, pero é unha Lei que se leva aplicando nos Concellos e que se está empezando aplicar noutros entre eles o noso, co cal eu creo que o que di o compañeiro do



Partido Popular de bonificar o 100%, rebaixamos o tipo impositivo, agora piden tamén a rebaixa do 10% da valor das construcións, realmente o que podemos é poñernos en contacto co Goberno de España e que retiren o IBI que en Salceda non nos fai falta, porque creo que xa está ben de populismo, de verdade deixen de enganar a xente, fagan unha oposición leal a este equipo de goberno pero sobre todo leal a veciñanza. Creo que o Partido Popular debería renunciar a facer ese pleno extraordinario cando se acaban de coller as bonificación de 7€ que efectivamente as propuxo o Partido Popular nese importe, e cando se levan as bonificacións do 90% na maior parte das parcelas, creo que debería renunciar a ese pleno extraordinario que solicita e esta Alcaldesa e este equipo de goberno deciran si así o estiman oportuno, pero creo que deben deixar de facer ese brindes ao sol, ese populismo que de verdade non estaba asociado a todo momento, eu creía que ese populismo non estaba asociado ao Partido Popular de Salceda pero vexo que si, que o pensen, que deberían retirar ese pleno extraordinario, xa van un montón de plenos extraordinarios con recursos do Concello para este tema cando agora xa se aproban bonificacións e exencións. Seguidamente damos lectura a emenda.

Sr. Rodríguez Davila: Para o goberno populismo é facer propostas ao pleno e por iso unha proposta máis, unha emenda a través do pleno para que debatamos e si así o considera o pleno o aproben, isto é populismo, sete medidas, tres plenos extraordinarios, ningunha manifestación, ningunha concentración, propostas legais, documentos en rexistro municipal, debates públicos, etc... iso é o populismo que din os señores e as señoras do goberno. Esta emenda o que pretende este grupo municipal, despois de ler onte pola tarde o informe do ORAL e despois de ver a proposta do goberno é corrixir que se deixaran fora os coeficientes correctores D e B.

Sra. Alcaldesa: A emenda do Partido Popular foi anunciada xa en Comisión, non foi despois do pleno nin despois de ler o informe nin de chegar o informe, nin de chegar a proposta deste equipo de goberno, vostede xa sabía cal era a postura do equipo de goberno, non veña agora a dicir que despois do informe de onte porque esas emendas xa se anunciou en comisión, creo que de verdade hai que ser xa rigorosos estamos nun pleno, deixemos de facer demagogia e cingámonos ao que estamos tratando e tratemos de ser honestos.

Sr. Rodríguez Davila: Entre outras cuestións polo informe de onte, claro que si, a parte do que dixo o compañeiro Joaquín na Comisión, si lle parece mal e se altera porque nós facemos propostas, intentamos a mellorar o que se pretende aprobar. A emenda de onte a presentamos efectivamente tras ler o informe e tamén tras a intervención do compañeiro Joaquín na Comisión, non mezcle allos con cebolas. E porqué facemos isto? Porque precisamente quedan parcelas sen poder bonificarse e sen poder acollerse a esta modificación da ordenanza, por iso o facemos porque vostedes non atenden a todos os veciños e porque vostedes deixan aos veciños sen bonificarse ese 90%. Dixo vostede fai un momento e tamén o dixeron os compañeiros de Movemento Salceda, que nós pretendemos aplicar o 90% a todo, no, iso é falso,



nós pretendemos bonificar como di a emenda as parcelas que non pagaban e agora pagan, todas esas parcelas. Dou lectura da seguinte emenda:

“O Grupo Municipal do Partido Popular en aras de mellora a Proposta de Alcaldía de Modificación da Ordenanza Fiscal 21 Reguladora do IBI, formula a seguinte EMENDA:

NO LUGAR DE:

1. Engadir un apartado 3 o artigo 3 da Ordenanza co seguinte texto:

“Asemade, serán bonificadas as parcelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

- 1).- Parcelas sen construcións ás que se lle aplica a efectos catastráís o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta á mínima, e que contén con menos de 450 m².
- 2).- Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastráís o coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal.

A bonificación consistirá nun 90% que se aplicará sobre a cota íntegra do Imposto.

A aplicación desta bonificación levarase a cabo polo organismo encargado da recadación, a petición do titular do inmovible, e será revisada anualmente antes do 1 de Xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto”.

PROPONSE:

1. Engadir un apartado 3 ao artigo 3 da Ordenanza co seguinte texto:

“Asemade, serán bonificadas as parcelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

- 1).- Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastráís o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta á mínima, e que conta con menos de 450m².
- 2).- Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastráís o coeficiente corrector “H”, por inedificabilidade temporal.
- 3).- Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastráís o coeficiente corrector “B”, lonxitude de fachada.
- 4).- Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastráís o coeficiente



corrector "D", desmonte excesivo.

A bonificación consistirá nun 90% que se aplicará sobre a cota íntegra do Imposto.

*A aplicación desta bonificación levarase a **cabo de oficio.** "*

Que non veña o veciño ano a ano veña a este Concello a ter que pedir esas bonificacións e iso é posible no ano 2021 e polo tanto se hai vontade política iso se pode aplicar, se vostedes rexeitan esta emenda nós vamos a votar igualmente a favor da bonificación, vostede teñen a maioría e nos vamos a dar a mensaxe de bonificarlle aos veciños. Dito isto, haberá outro pleno extraordinario que non vamos a renunciar a el, onde vamos a insistir que se modifique esta ordenanza para que se inclúan esas parcelas que van a seguir pagando o ano que ven porque vostedes supostamente non aceptan incluír estas propostas, coeficiente B e coeficiente D, si realmente tiveran vontade non é moito pedir incluír esas parcelas, Sra. Alcaldesa, desmonte excesivo e mínimo de fachada a camiño público creo que sería inxusto que os veciños pagasen por esas parcelas e que podemos deixar que non paguen a través desa modificación.

Sra. Pereira González: Quero explicar o sentido da votación e da emenda. A postura de Movemento Salceda e do goberno é clara sobre isto, as bonificacións teñen que ser unha excepción o que non podemos, si o tipo está nun 4% o Partido Popular o que pretende a través das bonificacións é por un lado 90 por outro 10, saltarse ese tipo. A nosa proposta está ben definida e creemos que da solución ao número maioritario de parcelas, que como ben dis, antes non pagaban e agora teñen que pagar e creemos que as bonificación teñen que ser unha excepción e non unha xeneralidade, e con isto se da resposta a gran maioría de veciños e veciñas. En canto a solicitude de instancia de parte ou de oficio, todas as bonificación son a instancia de parte, son un beneficio para o contribuínte e polo tanto é o contribuínte quen ten que solicitalo, nós abrimos a vía e damos a posibilidade pero é o contribuínte quen ten que solicitalas, sucede nas familias numerosas, sucede nas de vehículos é así as bonificacións ten que solicitalas o interesado dende o Concello comprobaremos que se axusta ao que está aprobado na Ordenanza e se lle da traslado, pero non vamos nós a revisar un por un os casos, é así, a solicitude ten que ser a instancia de parte, xa o que facemos que abrir a posibilidade e a partir de aí é o veciño e a veciña o que ten que solicitalo.

Sra. Alcaldesa: Por parte do Partido Socialista o noso voto tamén é o mesmo, aclarar o que comentaba a compañeira Lucía, as bonificacións non poden ser unha xeneralidade e se leen ben o informe de ORAL ben dicindo iso, que non poden ser unha xeneralidade que temos que acotar as parcelas que bonificamos que non pode ser para todos os administrados en xeral, en canto a bonificación de solicitude de parte foi sempre así, nos abrimos as vías e o administrado é o que decide, solicita esa bonificación, non pode ser de oficio e a todos os anos, porque eu non sei si vostede



sabe que a inedificabilidade temporal, significa que hoxe pode ser bonificada e o ano que ben non porque ten outras características e xa pasa de non ter ese coeficiente reductor que lle pon ORAL co cal as bonificacións teñen que solicitarse pola parte do interesado e cada ano. Dicar tamén que vamos a dar o noso voto afirmativo a nosa proposta sempre tendo en conta coa difícil aplicación que ten, gustaríame saber se o Partido Popular é capaz de conseguir un informe que lle digan que o ORAL vai aplicar de oficio a coeficiente corrector “D” de desmonte excesivo, hai que ser conscientes do que se solicita.

Sometida a votación EMENDA presentada polo Partido Popular, esta resulta rechazada por CATRO votos a FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e SETE votos en CONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(3)

Sra. Alcaldesa: Seguidamente antes da votación dou lectura a proposta seguinte:

“Visto que é interese do goberno municipal poñer en marcha unha serie de medidas fiscais encamiñadas a paliar os perxuízos económicos para a veciñanza derivados do procedemento simplificado de valoración colectiva levado a cabo pola Dirección Xeral do Catastro no Concello de Salceda de Caselas.

Visto que entre estas medidas estaría a posibilidade de modificación da Ordenanza Fiscal nº 21, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, onde se contemplan:

Bonificación, ao abeiro do artigo 74.1 do TRLHL, do 90% sobre a cota íntegra nas parcelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta á mínima, e que contemplan con menos de 450 m2.

Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal.

Exención, ao abeiro do artigo 62.4 do TRLHL, nos inmóbles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 7 euros, así como ao conxunto de inmóbles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 7 euros.

Visto que a estes efectos iniciouse o expediente solicitando informe técnico-económico de Intervención e Tesourería no que se poña de manifesto a posibilidade de levar a cabo a modificación indicada.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención (núm. 2021-0168) e



Tesourería (2021-0137) emitido en data 22.09.2021.

Non obstante o disposto no Informe de secretaría núm. 2021-0031 emitido en data 22.09.2021.

Visto o disposto no informe emitido por Carlos Abal Lourido en data 22.09.2021.

En uso das competencias locais recoñecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles da seguinte forma:

1.- Engadir un apartado 3 ao artigo 3 da Ordenanza co seguinte texto:

“Asemade, serán bonificadas as parcelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

1).- Parcelas ás que se lle aplica efectos catastráís o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta á mínima, e que contén con menos de 450 m².

2).- Parcelas ás que se lle aplica a efectos catastráís o coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal.

A bonificación consistirá nun 90% que se aplicará sobre a cota íntegra do Imposto.

A aplicación desta bonificación levarase a cabo polo organismo encargado da recadación, a petición do titular do inmovible, e será revisada anualmente antes do 1 de Xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto”.

2.- Engadir un apartado 2 ao artigo 4 da Ordenanza co seguinte texto:

“Establécese unha exención a favor dos inmóbles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 7 euros, así como ao conxunto de inmóbles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 7 euros”.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.



TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada unanimidade de votos a favor, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles da seguinte forma:

1.- Engadir un apartado 3 ao artigo 3 da Ordenanza co seguinte texto:

“Asemade, serán bonificadas as parcelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

1).- Parcelas ás que se lle aplica efectos catastráís co coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta á mínima, e que contén con menos de 450 m².

2).- Parcelas ás que se lle aplica a efectos catastráís co coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal.

A bonificación consistirá nun 90% que se aplicará sobre a cota íntegra do Imposto.

A aplicación desta bonificación levarase a cabo polo organismo encargado da recadación, a petición do titular do inmovible, e será revisada anualmente antes do 1 de Xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto”.

2.- Engadir un apartado 2 ao artigo 4 da Ordenanza co seguinte texto:

“Establécese unha exención a favor dos inmovibles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 7 euros, así como ao conxunto de inmovibles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 7 euros”.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao



artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

